





7. Fronde, como muito, dúas veces máis longa ca ancha, de contorno triangular ... *Cystopteris fragilis*

Cystopteris fragilis

7. Fronde moito máis longa ca ancha 8
 8. Lóbulos superiores das frondes con forma de fouce (falciformes) *Polystichum setiferum*
 8. Lóbulos superiores sen forma de fouce. 9
 9. Soros redondos, postos nos folíolos en dúas ringleiras *Dryopteris filix-mas*




Aspidium aculeatum



Polystichum filix-mas

9. Soros algo alongados, dobrados facendo ángulo *Athyrium filix-foemina*



Athyrium filix-femina


10. Pecíolo dividido en varios (cada pecíolo leva unha fronde) *Davallia canariensis*

Davallia canariensis




10. Pecíolo sen dividir 11
 11. Pecíolo negro-acastañado de todo, mesmo entre os lóbulos 12
 11. Pecíolo verde, verdoso ou amarelo, polo menos por unha cara, entre os lóbulos. 15

12. Frondes divididas por completo só unha vez 13
 12. Frondes dúas veces divididas 14
 13. Lóbulos de menos de 1 cm. de longo. *Asplenium trichomanes*



Asplenium trichomanes

13. Lóbulos de 1-3 cm. Vive en rochas da beiramar *Asplenium marinum*




Asplenium marinum

14. Lóbulos co remate máis ou menos puntiagudo *Asplenium adiantum-nigrum*





Asplenium adiantum-nigrum

14. Lóbulos redondeados no remate *Adiantum capillus-veneris*
 15. Frondes de dous tipos (esporófitos, que levan os soros, estreitas, e trofófitos, fotosintetizadoras) *Anogramma leptophylla*
 15. Tódalas frondes dun só tipo 16
 16. Planta grande (máis de 30 cm.) *Pteridium aquilinum*
 16. Planta de menor tamaño *Asplenium billotii*




Adiantum capillus-veneris




Velaquí unha CHAVE DE FENTOS para os máis comúns de Galicia. Tenta de usala para determina-los que atopas.

1. Soros que van no cumio das frondes, aparte delas *Osmunda regalis*



1. Soros situados no envés da fronde 2
 2. Frondes enteiras, ou divididas en lóbulos que aparecen algo unidas na súa base... 3
 2. Frondes formadas por lóbulos separados de todo entre eles 6
 3. Frondes enteiras *Phyllitis scolopendrium*



3. Frondes divididas só unha vez 4
 4. Conxunto da fronde con forma de fuso, estreitándose polos dous extremos 5
 4. Frondes co limbo cortado de socato na base *Polypodium vulgare*



5. Frondes co envés escamoso (como peludo) *Ceterach officinarum*



5. Frondes sen escamas polo envés, de dous tipos diferentes (unhas máis anchas cás outras) *Blechnum spicant*



6. Frondes levando na base do peciolo escamas negras ou algo amarelas, de polo menos 0,5 mm. de anchura 7
 6. Peciolo diferente 10